



Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 - Fax 986528700
e-mail: concello@ailladearousa.gal

ACTA DA SESION ORGANIZATIVA DA CORPORACIÓN CELEBRADA O VINTE E SETE DE XULLO DE DOS MIL VINTE E TRES

Na Casa do Concello da Illa de Arousa, sendo as doce horas do día da data, reúnese con carácter extraordinario e urxente, en primeira convocatoria, o Pleno deste Concello.

Preside a sesión o Sr. Alcalde-Presidente Luis Arosa García, asistindo os Sres. Concelleiros que máis adiante se relacionan.

Actúa como Secretario o da Corporación, D. Daniel Ángel Lamas Bello.

CONCELLEIROS PRESENTES.

Luis Arosa García
Rosa María Viana Rodríguez
Manuel García Poza
Manuel Suárez Nieto
Laura Castro Rial
Elena Otero Otero
Miguel Paz Cores
Tamara Nieto Dios
Ruben Rial Nieto
Noelia Feijoó Doeste
Matías González Cañón

CONCELLEIROS AUSENTES.

É obxecto da sesión a celebración da sesión organizativa do Concello, conforme dispón o artigo 38 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, que aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, e de acordo ca seguinte

ORDE DO DÍA

- 1.- Ratificación da urxencia.**
- 2.- Dación de conta da constitución dos Grupos Políticos.**
- 3.- Dación de conta de Decretos de Alcaldía sobre nomeamentos de Tenentes de Alcalde, Concelleiros Delegados e delegación de competencias.**
- 4.- Dación de conta do nomeamento de representantes da Fundación Deportiva Municipal.**
- 5.- Periodicidade das sesións do Pleno.**
- 6.- Creación da Xunta de Goberno Local e delegación de competencias plenarias na mesma.**
- 7.- Creación da Xunta de Voceiros.**
- 8.- Creación e composición das Comisiones Informativas Permanentes.**
- 9.- Nomeamento de representantes da Corporación nos órganos colexiados.**





Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 - Fax 986528700
e-mail: concello@ailladearousa.gal

- 10.- Nomeamento de representantes da Corporación na Mancomunidade do Salnés.
- 11.- Determinación das indemnizacións por asistencia ós órganos colexiados e fixación das cuantías asignadas ós Grupos Políticos.
- 12.- Rexímenes de dedicacións exclusivas.
- 13.- Rexímenes de dedicacións parciais.

1.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

Polo Sr. Alcalde infórmase que se trata da sesión organizativa do Concello que posibilite o funcionamento ordinario da administración.

O Concelleiro Matías González sinala que está de acordo pero quere que conste en acta que o prazo para esta sesión era de 31 días e que o mesmo se sobrepasou.

O Sr. Alcalde resposta que na normativa se sinala que son 30 días, e que salvo que se diga que son naturais, de acordo ca Lei 39/2015 son días hábiles, excluídos sábados, domingos e festivos.

Procedéndose á votación, a urxencia da sesión ratifícase por unanimidade de todos os Concelleiros.

2.- DACIÓN DE CONTA DA CONSTITUCIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS.

Polo Sr. Alcalde dáse conta da constitución dos seguintes Grupos Políticos:

Grupo Político Municipal do PsdG PSOE:

- Voceiro Titular: Luis Arosa García
- Membros: Luis Arosa García
Rosa María Viana Rodríguez
Manuel García Poza

Grupo Político Municipal do Partido Popular:

- Voceiro Titular: Miguel Paz Cores
- Voceiro Suplente: Rubén Rial Nieto
- Membros: Tamara Nieto Dios
Rubén Rial Nieto
Miguel Paz Cores
Noelia Feijó Doeste

Grupo Político Municipal do Bloque Nacionalista Galego:

- Voceiro: Manuel Suárez Nieto
- Voceiro Suplente: Laura Castro Rial
- Membros: Manuel Suárez Nieto
Laura Castro Rial





Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 - Fax 986528700
e-mail: concello@ailladearousa.gal

Elena Otero Otero

Concelleiro non adscrito: Matías González Cañón

Os Voceiros dos distintos Grupos Políticos danse por enterados.

3.- DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DE ALCALDÍA SOBRE DELEGACIÓNS E NOMEAMENTOS DE TENENTES DE ALCALDE.

Polo Sr. Alcalde dáse conta dos Decretos de Alcaldía sobre delegacións e nomeamento de Tenentes de Alcalde, que transcritos literalmente din:

Nomeamento de Tenentes de Alcalde:

“Expediente nº 1520/2023

Asunto: Nomeamento de Tenentes de Alcalde lexislatura 2023-2027.

Visto o artigo 20.1 a) da Lei 7/1985, de 02 de abril, de Bases de Réxime Local, que recoñece a obrigatoriedade da existencia dentro da organización municipal e en todos os Concellos de Alcalde, Tenentes de Alcalde e Pleno.

Visto o artigo 46 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, que aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, onde se dispón que os Tenentes de Alcalde serán libremente nomeados e cesados polo Alcalde de entre os membros da Xunta de Goberno, e onde esta non exista, entre os Concelleiros.

Visto que o número de Tenentes de Alcalde non pode exceder do número de membros da Xunta de Goberno ou onde non exista do terzo do número legal de membros da Corporación.

Visto por tanto que corresponde o nomeamento de tres Tenentes de Alcalde.

Visto o informe de Secretaría e a proposta de resolución.

Por medio da presente

RESOLVO

1.- Designar como Tenentes de Alcalde desta Corporación ós seguintes Concelleiros:

- Primeiro Tenente de Alcalde: Manuel Suárez Nieto.
- Segunda Tenente de Alcalde: Rosa María Viana Rodríguez.
- Terceira Tenente de Alcalde: Laura Castro Rial.

2.- Os designados substituirán pola orde indicada, salvo delegación expresa e concreta, a esta Alcaldía en caso de ausencia, enfermidade ou impedimento que imposibilite a este para o exercicio das súas atribucións, segundo o disposto no artigo 47 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais.





Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 - Fax 986528700
e-mail: concello@ailladearousa.gal

3.- *Notificar persoalmente a resolución ós Concelleiros designados que, salvo manifestación expresa, considerárase aceptada tácitamente.*

4.- *Remitir a citada resolución ó Boletín Oficial da Provincia para a súa publicación no mesmo, sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte da firma da resolución polo Alcalde se nela non se dispuxese outra cousa. Igualmente publicarase no taboleiro de edictos do Concello.*

5.- *Dar conta ó Pleno desta resolución na primeira sesión que se celebre.*

*Na Illa de Arousa.
O Alcalde (asinado).””*

Nomeamento de Concelleiros Delegados e delegación de competencias:

“Expediente nº 1530/2023

Asunto: *Nomeamento de Concelleiros Delegados e delegación de competencias - lexislatura 2023-2027.*

Visto o artigo 43 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, que aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, en sede de delegación de funcións da Alcaldía nos Concelleiros.

Visto que o Alcalde-Presidente pode delegar o exercicio de determinadas atribucións nos membros da Xunta de Goberno Local, e onde non exista, nos Tenentes de Alcalde, sen prexuízo das delegacións especiais que, para cometidos específicos, se poidan efectuar a favor de calquera Concelleiro, aínda que non pertenceran á citada Xunta de Goberno Local.

Visto o artigo 44 do citado Regulamento, en sede do contido e condicións das delegacións.

Visto o informe de Secretaría e a proposta de resolución.

Por medio da presente

RESOLVO

1.- *Nomear Concelleiros Delegados das Áreas que a continuación se establecen, tendo a presente delegación carácter xenérico, ós seguintes Concelleiros:*

- *Medioambiente, Tráfico e Seguridade, e Maiores: Luis Arosa García.*
- *Servizos, Persoal, Economía e Facenda: Manuel Suárez Nieto.*
- *Turismo, Emprego e Formación: Rosa María Viana Rodríguez.*
- *Cultura, Servizos Sociais, Xuventude e Igualdade: Laura Castro Rial.*

2.- *Nomear Concelleiros Delegados das Áreas que a continuación se establecen, tendo a presente delegación carácter especial, ós seguintes Concelleiros:*

- *Urbanismo, Obras e Deportes: Manuel García Poza.*
- *Educación e Mar: Elena Otero Otero.*





Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 - Fax 986528700
e-mail: concello@ailladearousa.gal

3.- *Nas áreas de Servizos, Persoal, Economía e Facenda, e Cultura, Servizos Sociais, Xuventude e Igualdade deléganse as competencias de Alcaldía no que atinxe á iniciación, tramitación, xestión e resolución dos expedientes correspondentes, incluídas as relativas ós contratos menores, reservándose esta Alcaldía as competencias no que atinxe á aprobación de facturas; expedientes relacionados con impostos, taxas e contribucións especiais; fraccionamentos e aprazamentos de pago; altas e baixas no servizo de abastecemento e saneamento; e reservas de espazo e ocupacións de vía pública. Todo isto sen prexuízo das competencias que no seu caso se deleguen na Xunta de Goberno Local unha vez creada.*

4.- *Nas áreas de Turismo, Emprego e Formación; Urbanismo, Obras e Deportes; e Educación e Mar deléganse as competencias de Alcaldía no que atinxe á tramitación e xestión dos expedientes correspondentes, reservándose esta Alcaldía as competencias no que atinxe á iniciación e resolución dos mesmos.*

5.- *Impor ós Concelleiros Delegados que se informe a esta Alcaldía, a posteriori, con periodicidade trimestral e, en todo caso, cando se lle requira para iso, da xestión realizada e das disposicións ditadas no período de referencia, e con carácter previo daquelas decisións de transcendencia, tal e como se prevé na o artigo 115 Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro.*

6.- *Establecer que os actos ditados polo delegado en exercicio das atribucións que lle foron delegadas deben indicar expresamente esta circunstancia e que se considerarán ditados pola Alcaldía deste Concello. En consecuencia, corresponderá a esta Alcaldía a competencia para a resolución dos recursos de reposición contra os actos ditados polo órgano delegado.*

7.- *Comunicar a presente resolución ós Concelleiros Delegados.*

8.- *Publicar a presente resolución no Boletín Oficial da Provincia.*

9.- *Dar conta ó Pleno da Corporación, na primeira sesión que este celebre, do contido da delegación.*

10.- *Aplicar, respecto de todo o non previsto expresamente na presente resolución, as regras que para a delegación de competencias do Alcalde prevense na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, en canto ás regras que para a delegación se establecen en devanditas normas.*

*Na Illa de Arousa.
O Alcalde (asinado).””*

Os Voceiros dos distintos Grupos Políticos danse por enterados.

4.- DACIÓN DE CONTA DO NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA FUNDACIÓN DEPORTIVA MUNICIPAL.





Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 - Fax 986528700
e-mail: concello@ailladearousa.gal

Polo Sr. Alcalde dáse conta do nomeamento de representantes da Fundación Deportiva Municipal:

Así, informa que de acordo co artigo 10 dos Estatutos a Fundación Deportiva Municipal está composta por 12 membros, correspondendo a Presidencia á Alcaldía do Concello, que terá ademais 4 representantes do Concello en proporción á composición do mesmo, correspondendo 2 representantes ó Grupo Político do PP, 1 ó Grupo Político do PSOE e 1 ó Grupo Político do BNG.

Engade que os representantes do Concello serán:

- Presidente: O Alcalde Luis Arosa García.
- Grupo Político do PP: A designar polo seu Grupo Político.
- Grupo Político do PSOE: Manuel García Poza.
- Grupo Político do BNG: Manuel Suárez Nieto.

Seguidamente se informa dos representantes dos distintos clubs e asociacións:

Asociación Cultural Dorna:

- Sección de Baloncesto:
 - Beatriz Dios Otero.
- Sección de Xadrez:
 - Carlos Miguel Chaves Otero.
- Sección de Dornas a vela:
 - Xoel Cores Oubiña.

Clube de Ximnasia Rítmica:

- Elvira Suárez Nieto.

Clube Céltiga FC:

- Alexander Zels Estévez.

Clube de Piragüismo:

- Arturo Paz Dios.

O Voceiro do Grupo do PP Miguel Paz pregunta se o poden comunicar máis adiante xa que teñen que consultar os horarios de traballo dos Concelleiros do seu grupo para determinar os seus representantes.

O Concelleiro do Grupo do PSOE Manuel García informa que normalmente é na asemblea da propia Fundación Deportiva cando se establece a data e hora das xuntanzas.

Polo Sr. Alcalde se informa que non existe inconveniente, que terá efectividade desde o mesmo día no que o comuniquen e que no vindeiro pleno de setembro darase conta destes representantes.

Os Voceiros dos distintos Grupos Políticos danse por enterados.

5.- PERIODICIDADE DAS SESIÓNS DO PLENO.





Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 - Fax 986528700
e-mail: concello@ailladearousa.gal

Polo Sr. Alcalde dáse lectura a proposta de Alcaldía que transcrita literalmente di:

“Visto o artigo 46.2 a) da Lei 7/1985, de 02 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, na súa nova redacción dada pola Lei 11/1999, de 21 de abril, determina que o Pleno celebrará sesión ordinaria, como mínimo, cada tres meses nos Concellos de ata 5.000 habitantes.

Visto o artigo 78.1 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, que establece que a periodicidade das sesións ordinarias será fixada por acordo do Pleno adoptado en sesión extraordinaria que haberá de convocar o Alcalde dentro dos trinta días seguintes ó da sesión constitutiva da Corporación, sen que poida exceder do límite trimestral ó que fai referencia o artigo 42.2 a) da Lei 7/1985, de 02 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

Visto o informe de Secretaría en relación ca sesión organizativa do Concello.

Por medio da presente e de acordo cas habilitacións recoñecidas pola normativa vixente

PROPOÑO

1.- A aprobación dunha periodicidade das sesións ordinarias cada dous meses, no primeiro xoves de cada mes que corresponda, ás 20,00 horas, e sendo a primeira sesión ordinaria a celebrar a correspondente ó mes de setembro de 2023.

2.- En caso de que o citado día sexa festivo, a sesión ordinaria celebrarase o xoves da semana inmediatamente seguinte.

*Na Illa de Arousa.
O Alcalde (asinado).””*

O Voceiro do Grupo do BNG Manuel Suárez sinala que están de acordo.

O Voceiro do Grupo do PP Miguel Paz solicita que se reconsidera esta data e que se cambie para os venres por cuestións laborais dos membros do seu grupo.

O Concelleiro non adscrito Matías González está de acordo con esta petición.

O Sr. Alcalde sinala que polo seu grupo non hai inconveniente.

O Voceiro do Grupo do BNG Manuel Suárez sinala que tampouco existe problema para que se celebren os venres.

Procedéndose á votación, acórdase por unanimidade de todos os Concelleiros:

1.- A aprobación dunha periodicidade das sesións ordinarias cada dous meses, no primeiro venres de cada mes que corresponda, ás 17,00 horas, e sendo a primeira sesión ordinaria a celebrar a correspondente ó mes de setembro de 2023.





Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 - Fax 986528700
e-mail: concello@ailladearousa.gal

2.- En caso de que o citado día sexa festivo, a sesión ordinaria celebrarase o xoves da semana inmediatamente seguinte.

6.- CREACIÓN DA XUNTA DE GOBERNO E DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS PLENARIAS NA MESMA.

Polo Sr. Alcalde dáse lectura a proposta de Alcaldía, que transcrita literalmente di:

“Visto o artigo 20.1 a) da Lei 7/1985, de 02 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, na nova redacción dada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, que dispón que a Xunta de Goberno Local existirá en todos os municipios con poboación superior a 5.000 habitantes, e nos de menos, cando así o dispoña o seu Regulamento Orgánico ou así o acorde o Pleno do Concello.

Visto o artigo 22.2 do mesmo texto legal, en sede de competencias do Pleno do Concello, e o artigo 22.4 en sede de atribucións do Pleno delegables na Xunta de Goberno Local.

Visto o artigo 52 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, que aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, en sede de composición da Xunta de Goberno Local, e o artigo 112 en sede de periodicidade das sesións ordinarias, que en defecto de Regulamento Orgánico celebraranse cada quince días.

Visto o informe de Secretaría en relación ca sesión organizativa do Concello.

Por medio da presente e de acordo cas habilitacións recoñecidas pola normativa vixente

PROPOÑO

1.- A aprobación da creación da Xunta de Goberno Local, integrada polo Alcalde e un terzo do número legal de membros da Corporación.

2.- A fixación dunha periodicidade das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local cada quince días, o segundo e cuarto xoves de cada mes, ás 13,00 horas. En caso de que o día sinalado fose festivo, a sesión ordinaria celebrarase o xoves hábil da semana seguinte.

3.- A delegación na Xunta de Goberno Local das seguintes competencias do Pleno que de acordo co artigo 22.4 da Lei 7/1985, de 02 de abril reguladora das Bases de Réxime Local, sexan susceptibles de delegación, figurando no acordo que se adopte a delegación feita polo Pleno na materia en cuestión:

- O exercicio de competencias xudiciais e administrativas e a defensa da Corporación en materias de competencia plenaria.

- A declaración de lesividade dos actos do Concello.

- A concertación das operacións de crédito cuxa cuantía acumulada, dentro de cada exercicio económico, exceda do 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento, así como as de tesourería cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento supere o 15 por cento dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior- todo isto de conformidade co disposto na Lei Reguladora das Facendas Locais.





Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 - Fax 986528700
e-mail: concello@ailladearousa.gal

- *A aprobación de proxectos de obras e de servizos cando sexa competente para súa contratación ou concesión, e cando aínda non estean previstos no orzamento.*

- *As competencias como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, de suministro, de servizos, de concesión de obras, los contratos de concesión de servizos e os contratos administrativos especiais cando o seu valor estimado supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento ou a cuantía dos seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración sexa superior a catro anos.*

- *A enaxenación de bens patrimoniais cando o seu valor supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento e, en todo caso, as permutas de bens inmoables.*

Non obstante conserva ó Pleno a competencia para a concesión de bens e servizos por máis de 5 anos, e que supere o 20% dos recursos ordinarios do orzamento, e a enaxenación de bens, que excedan do 20% dos recursos ordinarios, en aplicación do disposto no artigo 47.2 da Lei 7/1985, de 02 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, por requirirse para a súa aprobación a maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.

*Na Illa de Arousa.
O Alcalde (asinado).””*

O Voceiro do Grupo do BNG Manuel Suárez sinala que están de acordo.

O Voceiro do Grupo do PP Miguel Paz sinala que non están de acordo porque supón un vaciamiento das competencias do Pleno e do control a realizar pola oposición, e que non entende a postura do Grupo do BNG cando na anterior lexislatura reclamaba isto mesmo.

O Sr. Alcalde resposta que se trata dunha cuestión de axilidade e para facilitar a adopción de acordos sen necesidade da espera para as convocatorias do Pleno.

O Voceiro do Grupo do BNG Manuel Suárez considera a delegación de competencias como o sistema máis áxil e efectivo para o desenvolvemento da actividade municipal e non facer esperar, por poñer un exemplo, a que se convoque un pleno para que un veciño poida executar unha obra como pode ser levantar un muro ou para que o Concello solicite unha subvención. Non obstante engade que o importante é actuar en todo momento ca transparencia debida e que se teña coñecemento de todos os asuntos que se tratan no Concello.

O Voceiro do Grupo do PP Miguel Paz sinala que recolle esa transparencia á que alude o Voceiro do Grupo do BNG pero reitera que esta non era a opinión que tiñan na anterior lexislatura.

O Concelleiro non adscrito Matías González considera que na Xunta de Goberno Local se tomarán decisións que corresponden ó Pleno e que non se trata de obras menores, en alusión ás porcentaxes sobre os recursos ordinarios que representan as competencias delegadas. Finalmente solicita que se lle sinforme dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local en competencias plenas.

O Sr. Alcalde reitera que se trata dunha cuestión de axilidade.

O Voceiro do Grupo do BNG Manuel Suárez sinala que non entende por que o Concelleiro Matías González fala en plural cando non pertence a ningún grupo político e lle pregunta se fala por todos.





Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 - Fax 986528700
e-mail: concello@ailladearousa.gal

O Voceiro do Grupo do PP Miguel Paz pregunta por que está a responder o Voceiro do Grupo do BNG cando non é o Alcalde.

O Concelleiro non adscrito Matías González, en alusión á pregunta do Voceiro do Grupo do BNG, resposta que xa o sabrá.

Procedéndose á votación, acórdase con seis votos a favor dos tres Concelleiros do PSOE e dos tres Concelleiros do BNG e cinco votos en contra dos catro Concelleiros do PP e do Concelleiro non adscrito:

1.- A aprobación da creación da Xunta de Goberno Local, integrada polo Alcalde e un terzo do número legal de membros da Corporación.

2.- A fixación dunha periodicidade das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local cada quince días, o segundo e cuarto xoves de cada mes, ás 13,00 horas. En caso de que o día sinalado fose festivo, a sesión ordinaria celebrarase o xoves hábil da semana seguinte.

3.- A delegación na Xunta de Goberno Local das seguintes competencias do Pleno que de acordo co artigo 22.4 da Lei 7/1985, de 02 de abril reguladora das Bases de Réxime Local, sexan susceptibles de delegación, figurando no acordo que se adopte a delegación feita polo Pleno na materia en cuestión:

- O exercicio de competencias xudiciais e administrativas e a defensa da Corporación en materias de competencia plenaria.

- A declaración de lesividade dos actos do Concello.

- A concertación das operacións de crédito cuxa cuantía acumulada, dentro de cada exercicio económico, exceda do 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento, así como as de tesourería cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento supere o 15 por cento dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior- todo isto de conformidade co disposto na Lei Reguladora das Facendas Locais.

- A aprobación de proxectos de obras e de servizos cando sexa competente para súa contratación ou concesión, e cando aínda non estean previstos no orzamento.

- As competencias como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, de subministro, de servizos, de concesión de obras, los contratos de concesión de servizos e os contratos administrativos especiais cando o seu valor estimado supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento ou a cuantía dos seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración sexa superior a catro anos.

- A enaxenación de bens patrimoniais cando o seu valor supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento e, en todo caso, as permutas de bens inmoables.

Non obstante conserva ó Pleno a competencia para a concesión de bens e servizos por máis de 5 anos, e que supere o 20% dos recursos ordinarios do orzamento, e a enaxenación de bens, que excedan do 20% dos recursos ordinarios, en aplicación do disposto no artigo 47.2 da Lei 7/1985, de 02 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, por requirirse para a súa aprobación a maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.

7.- CREACIÓN DA XUNTA DE VOCEIROS.





Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 - Fax 986528700
e-mail: concello@ailladearousa.gal

Polo Sr. Alcalde dáse lectura a proposta de Alcaldía que transcrita literalmente di:

“Vista a intención do grupo de goberno de creación dunha Xunta de Voceiros para tratar ca debida antelación os distintos asuntos municipais e especialmente os asuntos que se debatirán e votarán nas sesións que periodicamente celebre o Pleno do Concello.

Por medio da presente e en base ás habilitacións recoñecidas pola normativa aplicable

PROPOÑO

A creación da Xunta de Voceiros integrada polos Voceiros dos distintos grupos políticos con representación municipal para o debate dos asuntos que serán tratados en cada Pleno do Concello que se celebre.

*Na Illa de Arousa.
O Alcalde (asinado).””*

O Voceiro do Grupo do BNG Manuel Suárez sinala que están de acordo.

O Voceiro do Grupo do PP Miguel Paz sinala que non ten nada que comentar.

O Concelleiro non adscrito Matías González pronunciáse no mesmo sentido.

Procedéndose á votación, acórdase por unanimidade de todos os Concelleiros a creación da Xunta de Voceiros integrada polos Voceiros dos distintos grupos políticos con representación municipal para o debate dos asuntos que serán tratados en cada Pleno do Concello que se celebre.

8.- CREACIÓN E COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES.

Polo Sr. Alcalde dáse lectura a proposta de Alcaldía que transcrita literalmente di:

“Visto o artigo 20.1 c) da Lei 7/1985, de 02 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, na nova redacción dada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, que dispón que nos municipios de máis de 5.000 habitantes e nos de menos cando así o dispoña o Regulamento Orgánico ou o acorde o Pleno, existirán órganos que teñan por obxecto o estudo, informe ou consulta dos asuntos que han de ser sometidos á decisión do Pleno, e que todos os integrantes da Corporación terán dereito a participar nos citados órganos, mediante a presenza de Concelleiros pertencentes ós mesmos en proporción ó número de Concelleiros que teña o Pleno.

Visto que unicamente é preceptiva a existencia da Comisión de Economía, Facenda e especial de Contas ós efectos do exame, estudio e informe de todas as contas, orzamentarias y extraorzamentarias, que deba aprobar el Pleno de la Corporación, de acordo co establecido na lexislación reguladora da contabilidade das entidades locais, que poderá actuar como Comisión informativa permanente para os asuntos relativos a economía e facenda da entidade.





Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 - Fax 986528700
e-mail: concello@ailladearousa.gal

Visto o artigo 66 e seguintes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia.

Visto o artigo 123 e seguintes do RD 2568/1986, de 28 de novembro, que aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais.

Visto o informe de Secretaría en relación ca sesión organizativa do Concello.

Por medio da presente e de acordo cas habilitacións recoñecidas pola normativa vixente

PROPOÑO

1.- A creación das seguintes Comisións Informativas Permanentes:

- Economía, Facenda e Especial de Contas.*
- Asuntos do Pleno.*

2.- A composición das citadas Comisións formada por 7 Concelleiros, ca seguinte proporcionalidade: 2 Concelleiros do PP, 2 Concelleiros do PsdeG PSOE, 2 Concelleiros do BNG e 1 Concelleiro non adscrito.

3.- A Presidencia nata das Comisións residirá na Alcaldía-Presidencia, de acordo co disposto no artigo 125 a) do RD 2568/1986, de 28 de novembro, que aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais.

*Na Illa de Arousa.
O Alcalde (asinado).””*

O Voceiro do Grupo do BNG Manuel Suárez sinala que non ten nada que comentar.

O Voceiro do Grupo do PP Miguel Paz sinala que todas as comisións existentes na anterior lexislatura quedan eliminadas e pensa que se trata de aforrar cartos que despois se van gastar no pago dos soldos do equipo de goberno.

O Concelleiro non adscrito Matías González sinala que está de acordo cas manifestacións do Voceiro do Grupo do PP.

Procedéndose á votación, acórdase con seis votos a favor dos tres Concelleiros do PSOE e dos tres Concelleiros do BNG e cinco votos en contra dos catro Concelleiros do PP e do Concelleiro non adscrito:

1.- A creación das seguintes Comisións Informativas Permanentes:

- Economía, Facenda e Especial de Contas.*
- Asuntos do Pleno.*

2.- A composición das citadas Comisións formada por 7 Concelleiros, ca seguinte proporcionalidade: 2 Concelleiros do PP, 2 Concelleiros do PsdeG PSOE, 2 Concelleiros do BNG e 1 Concelleiro non adscrito.





Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 - Fax 986528700
e-mail: concello@ailladearousa.gal

3.- A Presidencia nata das Comisións residirá na Alcaldía-Presidencia, de acordo co disposto no artigo 125 a) do RD 2568/1986, de 28 de novembro, que aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais.

9.- NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN NOS ÓRGANOS COLEXIADOS.

Polo Sr. Alcalde dáse lectura a proposta de Alcaldía que transcrita literalmente di:

“Visto o artigo 38 c) do RD 2568/1986, de 28 de novembro, que aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, que dispón que na sesión organizativa do Concello resolverase, entre outras temas, o nomeamento de representantes da Corporación nos órganos colexiados que sexan competencia do Pleno.

Visto que esta obriga alcanza ó nomeamento do representante do Concello nos Consellos Escolares tanto do Instituto Galego de Formación en Acuicultura (IGafa) como do Colexio Público A Torre e do Centro de Educación Secundaria Obrigatoria A Illa de Arousa, así como na Comisión Mixta de Seguemento da xestión da Escola Infantil, debendo formar parte desta última o Sr. Alcalde-Presidente.

Visto o informe de Secretaría en sede de nomeamento de representantes da Corporación nos órganos colexiados.

Por medio da presente e en base ás habilitacións recoñecidas pola normativa aplicable

PROPOÑO

1.- *O nomeamento da Concelleira Delegada de Educación e Mar Elena Otero Otero, como representante da Corporación no Consello Escolar do Instituto Galego de Formación en Acuicultura (IGafa).*

2.- *O nomeamento da Concelleira Delegada de Educación e Mar Elena Otero Otero, como representante da Corporación no Consello Escolar do Colexio Público CEIP Torre-Illa.*

3.- *O nomeamento da Concelleira Delegada de Educación e Mar Elena Otero Otero, como representante da Corporación no Consello Escolar do Centro de Educación Secundaria Obrigatoria A Illa de Arousa.*

4.- *O nomeamento do Alcalde-Presidente D. Luis Arosa García e da Concelleira Delegada de Educación e Mar Elena Otero Otero, como representantes da Corporación na Comisión Mixta de Seguemento da Xestión da Escola Infantil de A Illa de Arousa.*

*Na Illa de Arousa.
O Alcalde (asinado).””*

O Voceiro do Grupo do BNG Manuel Suárez sinala que non ten nada que comentar.





Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 - Fax 986528700
e-mail: concello@ailladearousa.gal

O Voceiro do Grupo do PP Miguel Paz sinala que non ten nada que comentar.

O Concelleiro non adscrito Matías González sinala que non ten nada que comentar.

Procedéndose á votación, acórdase con seis votos a favor dos tres Concelleiros do PSOE e dos tres Concelleiros do BNG e cinco abstencións dos catro Concelleiros do PP e do Concelleiro non adscrito:

- 1.- O nomeamento da Concelleira Delegada de Educación e Mar Elena Otero Otero, como representante da Corporación no Consello Escolar do Instituto Galego de Formación en Acuicultura (IGAFA).
- 2.- O nomeamento da Concelleira Delegada de Educación e Mar Elena Otero Otero, como representante da Corporación no Consello Escolar do Colexio Público CEIP Torre-Illa.
- 3.- O nomeamento da Concelleira Delegada de Educación e Mar Elena Otero Otero, como representante da Corporación no Consello Escolar do Centro de Educación Secundaria Obrigatoria A Illa de Arousa.
- 4.- O nomeamento do Alcalde-Presidente D. Luis Arosa García e da Concelleira Delegada de Educación e Mar Elena Otero Otero, como representantes da Corporación na Comisión Mixta de Seguemento da Xestión da Escola Infantil de A Illa de Arousa.

10.- NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN NA MANCOMUNIDADE DO SALNÉS.

Polo Sr. Alcalde dáse lectura a proposta de Alcaldía que transcrita literalmente di:

“Visto o artigo 38 c) do RD 2568/1986, de 28 de novembro, que aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, que dispón que na sesión organizativa do Concello resolverase, entre outras temas, o nomeamento de representantes da Corporación nos órganos colexiados que sexan competencia do Pleno.

Visto que esta obriga alcanza ó nomeamento dos representantes do Concello na Mancomunidade do Salnés, en número de tres.

Visto que o Sr. Alcalde-Presidente do Concello é membro nato da Mancomunidade do Salnés.

Visto que dende esta Alcaldía se pretende que na Mancomunidade do Salnés estean representados todos os grupos políticos do Concello.

Visto o informe de Secretaría en sede de nomeamento de representantes da Corporación nos órganos colexiados.

Por medio da presente e en base ás habilitacións recoñecidas pola normativa aplicable

PROPOÑO





Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 - Fax 986528700
e-mail: concello@ailladearousa.gal

O nomeamento dos seguintes Concelleiros representantes do Concello de A Illa de Arousa na Mancomunidade do Salnés:

- *Un Concelleiro representante do PsdeG PSOE: Luis Arosa García*
- *Un Concelleiro representante do PP, a designar polo seu Grupo Político.*
- *Un Concelleiro representante do BNG, a designar polo seu Grupo Político.*

*Na Illa de Arousa.
O Alcalde (asinado).””*

O Sr. Alcalde explica a representación e sinala que o Alcalde é membro nato da Mancomunidade e os dous postos existentes para o Concello de A Illa de Arousa corresponden ó PP e ó BNG.

O Voceiro do Grupo do BNG Manuel Suárez informa que os representantes os elixe o Pleno e que o representante do seu Grupo será el mesmo.

O Voceiro do Grupo do PP Miguel Paz sinala que o seu Grupo será Matías González Cañón.

Procedéndose á votación, acórdase con seis votos a favor dos tres Concelleiros do PSOE e dos Concelleiros do BNG nomear como representante do Grupo do BNG na Mancomunidade do Salnés a Manuel Suárez Nieto.

Así mesmo acórdase con cinco votos a favor dos catro Concelleiros do Grupo do PP e do Concelleiro non adscrito nomear como representante do Grupo do PP na Mancomunidade do Salnés a Matías González Cañón.

11.- DETERMINACIÓN DAS INDEMNIZACIÓNS POR ASISTENCIA ÓS ÓRGANOS COLEXIADOS E FIXACIÓN DAS CUANTÍAS ASIGNADAS ÓS GRUPOS POLÍTICOS.

Polo Sr. Alcalde dáse lectura a proposta de Alcaldía que transcrita literalmente di:

“”Visto o artigo 75.5 da Lei 7/1985, de 02 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e artigo 13 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, que dispón que as Corporacións Locais consignarán nos seus orzamentos as retribucións, indemnizacións e asistencias polas asistencias ós órganos colexiados.

Visto que unicamente os membros da Corporación que non teñan dedicación exclusiva ou parcial poden percibir asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados da Corporación da que formen parte, na cuantía sinalada polo Pleno da mesma.

Visto o artigo 73.3 da Lei 7/1985, de 02 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, que sinala que o Pleno da Corporación, con cargo ós orzamentos anuais da mesma, poderá asignar ós grupos políticos unha dotación económica que deberá contar cunha compoñente fixo, idéntica para todos os grupos, e outra variable, en función do número de membros de cada un deles.





Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 - Fax 986528700
e-mail: concello@ailladearousa.gal

Por medio da presente

PROPOÑO

1.- A aprobación dos seguintes gastos por asistencia ás sesións que celebren os órganos colexiados da entidade:

- Pleno: 110,00 euros.
- Xunta de Goberno: 70,00 euros.
- Comisións Informativas: 70,00 euros.

2.- A aprobación da seguinte consignación anual a favor dos Grupos Políticos, que se aplicará a partires do 01 de xullo de 2023:

- Compoñente fixa para cada Grupo Político: 1.200,00 euros anuais.
- Compoñente variable: 30,00 euros mensuais por Concelleiro.

3.- As indemnizacións por asistencia ós órganos colexiados abonaranse cada tres meses e as relativas ás consignacións ós Grupos Políticos cada seis meses.

*Na Illa de Arousa.
O Alcalde (asinado).””*

O Voceiro do Grupo do BNG Manuel Suárez informa que se falara de eliminar as asistencias ás Xuntas de Goberno Local.

O Voceiro do Grupo do PP Miguel Paz sinala que quere solicitar a asignación dos 30 euros mensuais da compoñente variable para o Concelleiro non adscrito Matías González, e que que ten claro que non lle corresponde unha asignación fixa xa que non pertence a un grupo político.

O Concelleiro non adscrito Matías González sinala que considera unha discriminación que non teña esa compoñente variable cando foi elixido polo pobo, igual que os demais.

O Voceiro do Grupo do BNG Manuel Suárez resposta que é unha cuestión legal xa que se presentou polo PP e que abandonou o seu partido político e que en aplicación da normativa antitransfugismo non se ten dereito a esa compoñente. Engade que se quere esa compoñente está disposto a pagala do seu peto.

O Concelleiro non adscrito Matías González sinala que non está de acordo e que non quere os seus cartos, en alusión ó comentario do Voceiro do Grupo do BNG.

Procedéndose á votación, acórdase con seis votos a favor dos tres Concelleiros do PSOE e dos tres Concelleiros do BNG e cinco votos en contra dos catro Concelleiros do PP e do Concelleiro non adscrito:

1.- A aprobación dos seguintes gastos por asistencia ás sesións que celebren os órganos colexiados da entidade:





Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 - Fax 986528700
e-mail: concello@ailladearousa.gal

- Pleno: 110,00 euros.
- Comisións Informativas: 70,00 euros.

2.- A aprobación da seguinte consignación anual a favor dos Grupos Políticos, que se aplicará a partires do 01 de xullo de 2023:

- Compoñente fixa para cada Grupo Político: 1.200,00 euros anuais.
- Compoñente variable: 30,00 euros mensuais por Concelleiro.

3.- As indemnizacións por asistencia ós órganos colexiados abonaranse cada tres meses e as relativas ás consignacións ós Grupos Políticos cada seis meses.

12.- REXÍMENES DE DEDICACIÓN EXCLUSIVA.

Polo Sr. Alcalde dáse lectura a proposta de Alcaldía que transcrita literalmente di:

“Visto o artigo 75.1 da Lei 7/1985, de 02 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, que establece que os membros das Corporacións Locais percibirán retribucións polo exercicio dos seus cargos cando os desempeñen con dedicación exclusiva.

Vistos os artigos 75 bis e 75 ter da citada Lei, introducidos pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, en relación cos límites retributivos e de número de dedicacións exclusivas en función do número de habitantes do municipio, así como a Disposición Adicional 90ª da Lei 22/2013, de 23 de decembro, de Orzamentos xerais do Estado, na redacción dada polo Real Decreto-Lei 1/2014, de 24 de xaneiro, de reforma en materia de infraestruturas e transportes, e outras medidas económicas.

Visto que de acordo cos citados artigos o límite retributivo establécese en función do salario de Secretario de Estado – 55%, e que o número de dedicacións exclusivas non pode ser superior a 3.

Visto que de conformidade co previsto no artigo 75 bis da Lei 7/1985, de 02 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e a Disposición Adicional da Lei 31/2022, de Orzamentos Xerais do Estado para 2023 o límite máximo total que poden percibir os membros das Entidades Locais para os Concellos de entre 1.000 e 5.000 habitantes é de 46.464,02 euros.

Visto o artigo 13 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, que aproba o regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais.

Visto o informe de Secretaría en sede de dedicación exclusiva.

Tendo en conta as múltiples tarefas e xestións a realizar tanto pola Alcaldía como pola Primeira Tenencia de Alcaldía consecuencia das competencias delegadas na mesma, dende esta Alcaldía considérase necesario e imprescindible a aprobación de dúas dedicacións exclusivas co fin de dedicarlle todo o tempo necesario para o mellor funcionamento e desenvolvemento do propio Concello.

Por medio da presente e en base ás habilitacións recoñecidas pola normativa aplicable





Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 - Fax 986528700
e-mail: concello@ailladearousa.gal

PROPOÑO

1.- A aprobación dun réxime de dedicación exclusiva en favor do Sr. Alcalde-Presidente Luis Arosa García, con efectos desde o 01 de agosto de 2023, cunhas retribucións anuais totais de 39.500,02 euros, distribuídas en catorce pagas de 2.821,43 euros cada unha (inclúe as dúas pagas extra de xuño e decembro), dándoo de alta no réxime xeral da Seguridade Social.

2.- A aprobación dun réxime de dedicación exclusiva en favor do Primeiro Tenente de Alcalde Manuel Suárez Nieto, con efectos desde o 01 de agosto de 2023, cunhas retribucións anuais totais de 39.500,02 euros, distribuídas en catorce pagas de 2.821,43 euros cada unha (inclúe as dúas pagas extra de xuño e decembro), dándoo de alta no réxime xeral da Seguridade Social.

3.- Iniciar os trámites para dotar de crédito as partidas correspondentes do orzamento xeral de gastos que posibilite o pagamento das citadas dedicacións exclusivas.

4.- A publicación do acordo no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios do Concello.

Na Illa de Arousa.
O Alcalde (asinado).””

O Voceiro do Grupo do BNG Manuel Suárez sinala que non ten nada que comentar.

O Voceiro do Grupo do PP Miguel Paz sinala que lles parece ben o soldo da Alcaldía, pero que o Primeiro Tenente de Alcalde teña o mesmo salario é un cachondeo xa que a responsabilidade do Alcalde é moi superior. Engade, en referencia a manifestacións feitas pola Concelleira do Grupo do BNG Laura Castro, que moita igualdade non hai cando o soldo superior é de dous homes e que ás mulleres se lles establece un máis baixo. Conclúe sinalando que a xente ten que cobrar polo seu traballo, pero que esta proposta que se trae é totalmente desproporcionada.

O Concelleiro non adscrito Matías González sinala que en campaña díxose que se respectarían as cousas tal e como estaban e que hai que dignificar o traballo dos Concelleiros, pero considera que o Grupo do PSOE non ten unha opinión propia e que as decisións as está a tomar unha persoa rencorosa en nome do equipo de goberno. Engade que non está de acordo ca igualdade de soldos e cree que estamos no único Concello de Galicia no que se da esta situación e que se está a pagar calquera prezo por este acordo de goberno.

O Voceiro do Grupo do BNG Manuel Suárez sinala que está de acordo co manifestado polo Concelleiro Matías González e con que se aprobe un salario para o Alcalde de 46.000 euros, que é o que permite a lei. Engade que podería haber máis ou menos dedicacións exclusivas ou parciais, igual que se podían pagar máis ou menos as asistencias pero que esta é a proposta que se trae ó Pleno. Engade que non se vai xustificar polo salario que cobra e que terá que dar conta polo seu traballo. Conclúe sinalando que hai un goberno de coalición de tres máis tres, entre iguais e que o rebaixe de 7.000 euros sobre o máximo permitido tamén é unha cuestión estética a ter en conta, e que el non vai gañar máis do que gañaba no seu traballo.

O Concelleiro non adscrito Matías González considera digno tamén o soldo da Concelleira do Grupo do BNG Laura Castro, e que el non chega ós 39.000 euros pero que tamén





Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 - Fax 986528700
e-mail: concello@ailladearousa.gal

ten un salario digno. Engade que dentro de catro anos terán que dar explicacións cando non se invirta en obras ou servizos e que seguramente lle votarán a culpa á Deputación ou á Xunta de Galicia.

O Voceiro do Grupo do BNG Manuel Suárez resposta que é unha proposta razoable e que entende que a critiquen.

O Voceiro do Grupo do PP Miguel Paz sinala que ninguén dixo que non ían cobrar, que o consideran excesivo e que non é unha boa idea que cobren o mesmo cando o Alcalde é o máximo responsable e hai que poñer en valor este feito.

A Concelleira do Grupo do BNG Laura Castro sinala, por alusións, que non cobra menos porque os homes sexan mellores senón polas responsabilidades que se asumen.

O Voceiro do Grupo do PP Miguel Paz resposta que por ese mesmo razoamento non poden cobrar o mesmo o Alcalde e o Primeiro Tenente de Alcalde.

Procedéndose á votación, acórdase con seis votos a favor dos tres Concelleiros do PSOE e dos tres Concelleiros do BNG e cinco votos en contra dos catro Concelleiros do PP e do Concelleiro non adscrito:

1.- A aprobación dun réxime de dedicación exclusiva en favor do Sr. Alcalde-Presidente Luis Arosa García, con efectos desde o 01 de agosto de 2023, cunhas retribucións anuais totais de 39.500,02 euros, distribuídas en catorce pagas de 2.821,43 euros cada unha (inclúe as dúas pagas extra de xuño e decembro), dándoo de alta no réxime xeral da Seguridade Social.

2.- A aprobación dun réxime de dedicación exclusiva en favor do Primeiro Tenente de Alcalde Manuel Suárez Nieto, con efectos desde o 01 de agosto de 2023, cunhas retribucións anuais totais de 39.500,02 euros, distribuídas en catorce pagas de 2.821,43 euros cada unha (inclúe as dúas pagas extra de xuño e decembro), dándoo de alta no réxime xeral da Seguridade Social.

3.- Iniciar os trámites para dotar de crédito as partidas correspondentes do orzamento xeral de gastos que posibilite o pagamento das citadas dedicacións exclusivas.

4.- A publicación do acordo no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios do Concello.

13.- REXÍMENES DE DEDICACIÓNS PARCIAIS.

Polo Sr. Alcalde dáse lectura a proposta de Alcaldía que transcrita literalmente di:

“Visto o artigo 75.2 da Lei 7/1985, de 02 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, que establece que os membros das Corporacións Locais que desempeñen os seus cargos con dedicación parcial por realizar funcións de Presidencia, Vicepresidencia ou ostentar delegacións, ou desenvolver responsabilidades que así o requiran, percibirán retribucións polo tempo de dedicación efectiva ás mesmas.

Visto que as citadas retribucións non poden superar en ningún caso os límites establecidos, no seu caso, nas Leis de Orzamentos Xerais do Estado.





Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 - Fax 986528700
e-mail: concello@ailladearousa.gal

Vista a Disposición Adicional Nonaséxima da Lei 22/2013, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado, na redacción dada polo Real Decreto-Lei 1/2014, de 24 de xaneiro, de reforma en materia de infraestruturas e transportes, e outras medidas económicas, que establece o límite máximo total que poden percibir os membros das Corporacións Locais por todos os conceptos retributivos e asistencias.

Visto que as retribucións por dedicación parcial deben ser proporcionais ó tempo de dedicación, e sempre deberán ser inferiores ós límites establecidos para a dedicación exclusiva.

Visto o informe de Secretaría en sede de dedicación parcial.

Tendo en conta as múltiples tarefas e xestións a realizar, que non poden ser asumidas integralmente pola Alcaldía, e así facilitar un mellor funcionamento e desenvolvemento do propio Concello.

Por medio da presente e en base ás habilitacións recoñecidas pola normativa aplicable

PROPOÑO

1.- A aprobación do réxime de dedicación parcial en favor dos Concelleiros sinalados a continuación, a partires do 01 de agosto de 2023, cunha dedicación de seis horas diarias de luns a venres e cunhas retribucións anuais totais para cada un deles de 15.000,02 euros, distribuídas en catorce pagas de 1.071,43 euros cada unha (inclúe as dúas pagas extra de xuño e decembro), dándoos de alta no réxime xeral da Seguridade Social.

- Rosa María Viana Rodríguez.*
- Laura Castro Rial.*

2.- Iniciar os trámites para dotar de crédito as partidas correspondentes do orzamento xeral de gastos que posibilite o pagamento das citadas dedicacións exclusivas.

3.- A publicación do acordo no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios do Concello.

*Na Illa de Arousa.
O Alcalde (asinado).””*

O Voceiro do Grupo do BNG Manuel Suárez sinala que están a favor. Engade que as retribucións parciais son un pouco baixas e agradece o sacrificio das dúas Concelleiras xa que seguramente o seu traballo supere as seis horas diarias.

O Voceiro do Grupo do PP Miguel Paz sinala que se van abster na votación.

O Concelleiro non adscrito Matías González remítese ó sinalado no punto anterior e considera que os Concelleiros do PSOE non teñen unha opinión propia.

O Sr. Alcalde resposta que se non fose por esta Alcaldía e os Concelleiros do PSOE non habería máis que una comisión informativa.





Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 - Fax 986528700
e-mail: concello@ailladearousa.gal

O Concelleiro do Grupo do PSOE Manuel García intervén para sinalar que é a segunda vez que se alude tanto a el como á Concelleira Rosa María Viana e quere lembrar que foron elixidos polo pobo, que chegaron a estes acordos porque eles o decidiron e non porque se diga que se fai o que manda o BNG. Engade que o voto de cada un ten o seu valor e que quere que conste en acta que as súas retribucións as doará a servizos sociais.

Procedéndose á votación, acórdase con seis votos a favor dos tres Concelleiros do PSOE e dos tres Concelleiros do BNG e cinco abstencións dos catro Concelleiros do PP e do Concelleiro non adscrito:

1.- A aprobación do réxime de dedicación parcial en favor dos Concelleiros sinalados a continuación, a partires do 01 de agosto de 2023, cunha dedicación de seis horas diarias de luns a venres e cunhas retribucións anuais totais para cada un deles de 15.000,02 euros, distribuídas en catorce pagas de 1.071,43 euros cada unha (inclúe as dúas pagas extra de xuño e decembro), dándoos de alta no réxime xeral da Seguridade Social.

- Rosa María Viana Rodríguez.
- Laura Castro Rial.

2.- Iniciar os trámites para dotar de crédito as partidas correspondentes do orzamento xeral de gastos que posibilite o pagamento das citadas dedicacións exclusivas.

3.- A publicación do acordo no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios do Concello.

Non habendo máis asuntos que tratar y sendo as trece e cinco horas polo Sr. Alcalde-Presidente se levanta a sesión, da que eu como Secretario dou fe.

O ALCALDE

O SECRETARIO

Asdo. Luis Arosa García

Asdo. Daniel Angel Lamas Bello

